



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

DECRETO DE ALCALDIA

| | |
|-------------------------|----------------------|
| Expediente núm.: | Departamento: |
| 2224/2021 | Persoal |

Visto o proceso selectivo convocado por este concello para a cobertura con carácter definitivo un posto de Auxiliar de Biblioteca, vacante na plantilla de persoal funcionario deste concello, encadrada no grupo C, subgrupo C1, ao abeiro das bases da convocatoria aprobadas por resolución de alcaldía n.º 2021-2702 de 14.06.2021 e publicadas no BOPPO n.º 122 de 29 de xuño de 2021.

Visto que segundo a cláusula 5ª das bases da convocatoria “O tribunal de selección poderá, se o considera oportuno, valer-se de especialistas sobre unha determinada materia que actuarán con voz pero sen voto e os que poderán emitir cantos informes ou ditames lles solicite o tribunal, non sendo tales informes de carácter vinculante”.

Visto que se solicitou á Deputación de Pontevedra colaboración para a designación de asesor/a do tribunal do proceso selectivo para a corrección do 2º exercicio obrigatorio, por non contar este concello con persoal especialista na materia.

Vista a resolución da Deputación de Pontevedra con entrada neste concello o día 04.02.2022 (n.º rex 2022-E-RC-1272) de nomeamento do asesor especialista do tribunal calificador de dito proceso selectivo.

RESOLVO

Primeiro.- Nomear a D. Ernesto Trabazo Freire, bibliotecario adscrito ao Arquivo Provincial, como asesor do tribunal do proceso selectivo convocado polo Concello da Estrada para a cobertura dunha praza de auxiliar de biblioteca, quenda libre para a corrección do 2º exercicio obrigatorio.

Segundo.- Convocar a D. Ernesto Trabazo Freire para o vindeiro 8 de febreiro de 2022 ás 10 horas na Academia Galega de Seguridade Pública, data de realización do segundo exercicio obrigatorio.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao interesado e ao Tribunal calificador do proceso selectivo.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde, do que da fe a Secretaria.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS (1 para 2)
Dado en: Estrada, Galicia, España
Data de Sinatura: 04/02/2022
HASH: 3e9cb714ef90b105bbaad7e16af030ad7



Marta Jesusa Fernandez Bascuas (2 para 2)
Dado en: Estrada, Galicia, España
Data de Sinatura: 04/02/2022
HASH: 9c666d1a8cb9ac2b794264879ed4de7630a



DECRETO
Número: 2022-0142 Data: 04/02/2022



Cod. Validación: 9Y2ZFSZLTS93PADFRR4JTN4G | Corrección: <https://eestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1